



Entomoloxía no deserto verde

Entomoloxía en el desierto verde • Entomology in the green desert

Apuntes de entomoloxía enxebre (I): ribeiras, relanzos, canavais e xunqueiras.

Javier Pérez Valcárcel

c/ Dolores Rodríguez Sopeña, 9-3ºD. E-15007 A CORUÑA. e-mail: jpvalcarcel@aegaweb.com

Estes apuntes están dirixidos á xente nova que comeza ou está dando ós seus primeiros pasos neste mundo da Entomoloxía. Non espere o entomólogo experto revelacións extraordinarias nin receitas secretas, senón consellos sinxelos e trucos coñecidos, produto da experiencia de anos de práctica entomolóxica ou aprendidas doutros colegas que tiveron a ben compartir co autor as súas experiencias ao longo dos anos.

Cando comecei na Entomoloxía as miñas únicas fontes de información foron guías de campo que, aunque excelentes, daban unha información parcial e superficial en canto ás técnicas de campo e máis ben orientada á fauna británica ou centroeuropea. Naqueles tempos, nin se soñaba con internet e a súa extraordinaria capacidade de información e comunicación, nin había a oferta que hai hoxe de literatura básica dispoñible nas librerías. Por eso estas liñas poden incluso ser menos útiles, pero con que sirvan para axudar a alguén a dar ós seus primeiros pasos como entomólogo doume xa por satisfeito. Esta primeira entrega está máis ben orientada á entomofauna do chan, máis especialmente ós coleópteros e, dentro destes, ós carábidos, aunque os consellos e prácticas das que vou falar son aplicables a moitos outros grupos que fan parte ou toda a súa vida no chan.

Augas mansas e bravas

Os ríos galegos acollen nas súas ribeiras franxas máis ou menos amplas de bosque e vexetación autóctona que, xunto ca accidentada orografía galega, que produce unha constante alternancia entre tramos rápidos en pendente e lentos de chan, dan lugar a unha a grande variedade de ambientes que se traduce na composición da entomofauna. Deste xeito podémonos encontrar con faunas diferentes según esteamos nun tramo de augas rápidas entre penedos e rochas ou nun tramo de augas lentas de chan. As posibilidades que ofrece un río arrodeado de bosque de ribeira non son ás mesmas que as dun río que percorre campos de cultivo e prados. E dentro do bosque, non é igual un bosque mesteo e sombrizo que un tramo de augas abertas. A mostraxe ofrece variacións de composición de especies non só cos diferentes ambientes, senón tamén en función doutras variables coma a distancia da auga, o grao de insolación ou a composición xeolóxica do leito fluvial. E por suposto, como ten que ser obvio, non é igual a fauna nos ríos atlánticos do norte que nas augas da Galicia interior do sur, na costa que na montaña, no inverno que no verán. Todas estas cuestións deberían ser tidas en conta nunha busca minuciosa.

Na mostraxe de fauna do chan adquire un protagonismo singular a busca nos seus abeiros e o máis doado e natural é buscar debaixo das pedras. Aunque os treitos rápidos dos ríos galegos son frecuentemente pedregosos ofrecendo moitas posibilidades de mostraxe, os tramos chans, moitas veces entre cultivos e prados, e onde escasean as pedras, poden ser máis complicados. Nestes lugares hai que mencionar as praias de cantos, que ofrecen refuxio a unha boa variedade de fauna de todo tipo. Estes lugares cobran especial importancia na estación seca, na que quedan ó descuberto pola baixada das augas, ofrecendo refuxio e humidade cando o terreo fora da influencia fluvial está seco e se despobla de fauna lapidícola.



Foto 1. Augas mansas: praias de cantos no Río Cabe ó seu paso por Vilanova, Val de Lemos. (Foto: JPV)

Como dixen antes, as pedras son a base da busca da fauna do chan, pero hai outros moitos lugares que sirven de abeiro a dita fauna. Nas praias de area debe rexistrarse a base da vexetación que medra nela, removendo os talos onde se enterran ou refuxian algúns insectos. Debe remexerse tamén nos montóns de pólas, follas e refugallos varios que arrastra a auga e que se amorean en lugares determinados das beiras.

Estes sitios, mencionados clásicamente nos manuais como importantes, especialmente tralas treboadas e conseguintes enchentes dos ríos, non parece na miña experiencia que teñan tanto valor en Galicia, onde as tormentas de verán non teñen a violencia nin producen as cheas da conca mediterránea, por exemplo.

Outros lugares dignos de ser mencionados aparte son os encoros, dos que Galicia ten un bó abano. A medio camiño entre ríos e lagos, a composición da súa fauna ten máis de paludícola que de fluvial. Anque moi cambiantes de nivel de auga, e con graos moi diversos de pendente nas súas beiras, cando se xuntan beiras tendidas ou chans, pedregosas e con niveis baixos de auga (xeralmente no verán), son sitios excelentes cunha grande variedade de fauna, moita dela difícil ou moi traballosa de achar noutros lugares.




Foto 2. Río Mandeo ó seu paso polo Couto de Chelo. Un bó exemplo de río da vertente atlántica. (Foto: JPV)

Cos pés na lameira

Ata aquí o referente ós ríos, regatos e demais augas correntes. Pero Galicia ofrece moitas outras posibilidades en canto ás augas doces. Cada vez menos, cada vez máis agredidas, contaminadas ou en vías de desaparición, aínda temos unha importante rede de lagoas e charcas cos seus canavais, xunqueiras e demais formacións vexetáis propias, que ofrecen unha fauna particular, moi interesante e,

dende o meu punto de vista, aínda moi pouco estudiada. Para a súa mostraxe rexen os mesmos preceptos que os xa falados para os ríos. Sen embargo hai que ter en conta que moitas veces as pedras escasean ou faltan por completo nestes lugares, e hai que buscar case en exclusiva baixo pólas, restos vexetais amoreados ou a ampla variedade de lixo que a xente desgraciadamente segue botando nestes lugares, as veces convertidos en verdadeiros vertedoiros. Inciso: nunca cheguei a entender a teima dalgúns de abandonar nestes sitios os electrodomésticos vellos de liña branca, de xeito que é case imposible visitar unha charca, lagoa ou relanzo de río sen atopar unha cociña, lavadora ou neveira. Pero, ó asunto: cando ás beiras están limpas é moi difícil facer mostraxes da fauna do chan, cos procedementos habituais, cousa que para min foi fonte continua de frustración longos anos. Foron xente de carábidos, colegas de fora, os que me deron a solución deste problema con dúas sinxelas técnicas, coñecidas ó parecer de vello, pero se cadra non ben explicadas ou omitidas nos manuais ó uso: o pisado e o asolagado.



Foto 3. Charca temporal en As Lamas, Val de Lemos. Un lugar excelente de mostraxe, pero na estación seca a auga desaparece por completo e, con ela, toda a fauna asociada. (Foto: JPV)

Ámbalas dúas teñen por obxectivo desaloxar e facer visible á fauna soterrada superficialmente ou agachada nas pequenas fendas e intersticios na lama ou na area. A primeira no creo que teña moita explicación. Consiste en ir pisando a lama ou area da beira, exercendo unha presión progresiva pero non forte, evitando esmagar a fauna, xeralmente pequena e fráxil. A segunda consiste en asolagar tramos das beiras con auga, cun pequeno caldeiro. Ambas requiren certa práctica para perfeccionar a técnica e seleccionar os mellores sitios, e tesón para tirar delas o máximo rendemento. Pero os resultados saltan axiña á vista. Se se atopa co lugar e época axeitadas verase aparecer da nada unha lexión de pequenos coleópteros, moitos deles carábidos, pero tamén doutras familias terrestres e acuáticas. Tamén outras moitas criaturas como colémbolos, ácaros, hemípteros, larvas de insectos varios, vermes, caracois, samesugas e incluso cágados. Ás veces é sorprendente como xurden de súpeto insectos tan grandes coma hemípteros do xénero *Nepa* ou carábidos de certo tamaño coma *Chlaenius*.

Na experiencia do autor houbo un antes e un despois con estas sinxelas técnicas. Ademais de conseguir novas especies non collidas anteriormente, abríronse novas posibilidades en terreos pouco propicios para os procedementos convencionais coma prados ou bosques encharcados, brañas, gándaras, charcas temporais e incluso pozas nos camiños. Sen esquecer as pozas e charcas de graveiras e canteiras abandonadas, con niveis de augas sometidos a forte temporalidade. Por outra parte pódese aumentar o rendemento combinando estes métodos, por exemplo, remexendo nas moreas de follas dos bosques de inundación e logo pisar ou asolagar o chan debaixo delas.

Cando se traballan estas técnicas é necesario ter en conta que moitos dos poboadores destas paraxes, ademais de moi bulideiros, poden sair a moreas de xeito súpeto, plantexando un problema para a súa captura. Cos aspiradores clásicos, por avisado e rápido que sea un, non se pode capturar eficazmente máis dunha parte dos bichos emerxentes. Por outra parte, aspirar directamente do chan en certos

lugares noxentos, ou polo menos dubidosos, da certa prevención. Aínda non sendo profesional da saúde a intuición di que estes lugares non son moi recomendables para tal práctica. Síndoo, o coñecemento dos riscos das lameiras de augas estancadas e moitas veces contaminadas, faina realmente pouco recomendable.

Recentemente chegou as miñas máns un aspirador eléctrico que funciona con pilas, comercializado por unha casa especializada, que veu a solucionar de raíz este asunto, e do que non me resisto a deixar de falar, anque represente publicidade. Á eficacia da máquina no seu potencial de captura engádese a eliminación dos riscos de aspirar material contaminado e algo igualmente importante para os que xa vamos tendo unha idade: non hai que axeonllarse sobre a lama de cada vez. Festa rachada para cadrís e xeonllos maltreitos...



Foto 4. Poza de Lavancos, no Val de Lemos. Cando a vexetación de ribeira é tan mesta pode chegar a ser moi difícil a mostraxe usando técnicas convencionais. (Foto: JPV)



Foto 5. Aspirador eléctrico a pilas, para colleita de material. (Foto xentileza de T. Yélamos)

Concluindo

A ribeira foi a miña escola entomolóxica. Creo que non podería ser doutro xeito. En ningún sitio coma as ribeiras a natureza amosa todo o seu esplendor de xeito tan nítido e diverso. Non me podo imaxinar que os tristes eucaliptais ou os montes a toxos e carpazos, cen veces queimados, poidan ser a semente dunha vocación entomolóxica.

Moitas das xornadas dos meus primeiros anos de entomólogo transcurriron en longas camiñadas polas ribeiras dos ríos, levantando centos e centos de pedras, dende pequenos cantos a bos croios. Cos anos, en parte pola experiencia e polo coñecemento paulatino das técnicas aquí faladas, as excursións foron limitándose a paseos por tramos cada vez máis curtos pero rexistrados de xeito máis sistemático. Ó mesmo tempo lombos, cadrís e xeonllos recordábanme a cada pouco que non era xa o rapaz daqueles tempos, nin estaba para croios. Ó final, a práctica entomolóxica para mi convertiuse nunha busca case minimalista, de xeito que un bo día descubres que pasaches tódala tarde en cen metros cadrados de terreo. Tamén descubres cousas coma que a simple contemplación dunha beira areosa, ou dos talos dos xuncos, sentado ou debuzado un rato ó sol, pode ter tanto rendemento ou máis ca unha hora de intensa mostraxe con calquera das técnicas expostas. Sen falar das grandes xornadas ó longo da miña vida, paseando por un río cun simple bote no peto. E o máis importante: que os bichos non están onde lle gusta a un, senón onde lles gusta a eles. Unha xornada nun cantareiro regato de montaña pode ser moi gratificante dende o punto de vista estético, pero entomolóxicamente decepcionante, mentras que a lama dun relanzo cheirento, cheo de lixo e con neumáticos aboiando, pode agachar tesouros.

En fin, eu non son quen de dar leccións sobre a forma correcta ou non de facer mostraxes. Penso máis ben que a práctica entomolóxica é un camiño que cada un ten que percorrer polo seu propio pe, aprendendo a cada paso. Espero que estas liñas sirvan a alguén para facer máis levadeiro ese camiño.